
A ÁRBORE XENEROSA

Texto e ilustracións de **SHEL SILVERSTEIN**

Tradución de **CHEMA HERAS**

Encadernado en cartón. 19 x 25,5 cm. 64 páx. 15 €.

A árbore xenerosa (galego)

ISBN 978-84-8464-962-5. Tras os montes.

El árbol generoso (castelán)

ISBN 978-84-8464-961-8. Clásicos contemporáneos.

L'arbre generós (catalán)

ISBN 978-84-8464-963-2. Clàssics contemporanis.

Arbola eskuzabala (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-906-7. Gaur egungo klasikoak.

Había unha vez unha árbore...

que quería moito a un neno.

E todos os días o neno viña

e apañaba as súas follas

e con elas facía coroas


e xogaba a ser o rei do bosque...

“A árbore xenerosa” é un clásico de 1964 para lectores de todas as idades que presenta -en clave crítica- reflexións e lecturas diversas: unha amizade incondicional e desinteresada que non é correspondida en igual medida; a relación co noso planeta, constantemente agredido; a contraposición entre as necesidades materiais e o intanxible, para acadar a felicidade; e mesmo unha parábola da familia...

O texto é unha sucesión dinámica de accións arredor da figura central da árbore que, ao longo do tempo, interactúa cunha persoa. Toda unha vida transcorre nesta historia tenra e conmovedora, cun pouso de tristura: dende a nenez, cando os dous xogaban; ata a idade adulta e a etapa anciá, diferenciadas polo contraste entre “querer” e “necesitar” como actitudes vitais. Sen pedir nin agardar nada a cambio, a xenerosidade e o amor sen límites son o sinal de identidade dunha árbore que é feliz facendo feliz o Neno.

Shel Silverstein tardou catro anos en publicar “A árbore xenerosa”, ata que Tomi Ungerer animouno a propoñerllo á editora Ursula Nordstrom. *“Porque a vida ten fermosos finais tristes. Non tes que rir aínda que a maioría das miñas obras sexan graciosas”*, explicou o autor, cuxos libros invitan a soñar e a atreverse a imaxinar sen límites.

A nivel estético destaca a súa economía de medios, o minimalismo e a expresividade das ilustracións -en branco e negro- elaboradas coa estética das viñetas.



■ **Temática:** xenerosidade.


■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos; adultos.

■ **Aspectos destacables:** diversidade de lecturas e reflexións; etapas da vida; simbolismo estético e literario; minimalismo gráfico; do autor de “Leocadio, un león de armas tomar” e “¿Quién compra un rinoceronte?” (KALANDRAKA).

Shel Silverstein

(Chicago, 1930 - 1999)

Estudou na Universidade de Illinois e na Facultade de Belas Artes de Chicago. Os seus primeiros debuxos para adultos publicáronse en *Pacific Stars and Stripes* nos anos 50. Dende 1957 e ata mediados dos anos 70 foi un dos principais debuxantes de *Playboy*. En 1963 empezou a publicar libros infantís e coleccións de poemas ilustrados. En 1984 recibiu o premio Grammy ao Mellor Álbum Infantil. As súas obras publicáronse en máis de 30 idiomas e vendéronse máis de 20 millóns de exemplares. Paralelamente, desenvolveu outras facetas como músico e compositor -foi nominado ao Óscar e ao Globo de Ouro por unha das súas cancións-, dramaturgo e guionista de cine e de televisión.
<http://www.shelsilverstein.com>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
